


# Informe 2018 actuacións SGHN



Sociedade Galega de Historia Natural



Entidade Científica sen ánimo de lucro fundada en 1973. Inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 584.918. Inscrita no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2009/0110. Nº AO/C-000/382 do Rexistro de Asociacións Culturais Galegas. Membro do Consello Galego de Medio Ambiente.

Os cargos directivos da SGHN son estatutariamente non remunerados.

O presente informe é a compilación de actuacións da SGHN durante o ano 2018, distribuídas segundo a súa organización en Seccións, Delegacións e Museo.

Cuns recursos financeiros moi limitados (59.208,36 euros, excluídos préstamos de socios, colaboradores e crédito bancario) SGHN mantivo aberto un museo de Historia Natural en Ferrol, con dúas empregadas a tempo completo, fai custodia do territorio na antiga lagoa de Antela (Ourense) en 38 ha, forma parte de Fragas do Mandeo, entidade de custodia do territorio integrada por Rabo de Galo, G.N. Hábitat e SGHN no Mandeo (A Coruña), así como desenvolve unha intensa actividade concienciativa e de recuperación nas Gándaras de Budiño (Pontevedra). Participa en varias mesas sectoriais e forma parte do Consello Galego de Medio Ambiente.

Mantén a publicación dixital e impresa das revistas BRAÑA e PASPALLÁS. Diversas fichas divulgativas, de libre e gratuíto acceso sobre fauna e flora están disponibles na web da entidade.

Organizou as II Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade, desenvolvida o 25 e 26 de novembro de 2018 en Pontevedra.

Inauguración da exposición de Fotografía Astronómica “Astrofotografía en Ferrolterra” con presentación no Salón de actos do Museo da SGHN dos responsables da Sección de Astronomía e Contaminación Lumínica da SGHN e da Asociación Fotografía de Ferrolterra.

Toda esta labor é posible gracias ó traballo voluntario e gratuíto de directivos e socios, equivalendo a un mínimo de dedicación exclusiva de tres persoas a xornada completa durante todo o ano.

RESUME CORRESPONDENCIA					
Correspondencia ordinaria	Escritos á Admón.	Denuncias	Notas de Prensa	correos electrónicos	TOTAL
95	332	11	55	17.021	17.514
RESUME ACTUACIÓNS					
Relatorios	nº asistentes	Xeiras monitorizadas	nº asistentes	Visitantes Museo	Horas mínimas voluntariado
71	2.090	73	916	8.653	5.067



## XUNTA DIRECTIVA XERAL

### ACTIVIDADES PÚBLICAS (15)

- Conferencia sobre incendios forestais no CEIDA, en Oleiros (29 e 30-05-2018).
- Conferencias sobre a mina de cobre de Touro:
  - IES Ponte Pedriña (Santiago; 30-01-2018).
  - Cabo de Cruz (02-03-2018).
  - Facultade de Xeografía da USC (21-03-2018).
  - Facultade de Químicas da USC (25-04-2018).
  - Auditorio de Vilagarcía de Arousa (23-05-2018).
  - Casa da Cultura de Sigüeiro (07-06-2018).
  - Rois (02-07-2018)
- Conferencia sobre a SGHN na Escola de Forestais de Pontevedra (12-04-2018).
- Conferencia sobre traballos de conservación in situ RN 2000 no IBADER (22-05-2018).
- Conferencia sobre agrogandería e biodiversidade na Limia, en Vilar de Santos (29-09-2018).
- Conferencia sobre plans de conservación e recuperación de especies ameazadas na II Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade en Pontevedra (24-11-2018).

### ESCRITOS PRESENTADOS (253)

#### Agricultura-Gandería-Silvicultura (205 escritos).

- Alegacións a 43 peticións de cambio de uso de forestal a agrícola (4 A Coruña, 28 Lugo, 2 Ourense, 9 Pontevedra).
- Alegacións a 149 granxas novas ou ampliacións (52 A Coruña, 81 Lugo, 14 Ourense, 2 Pontevedra).
- Pregunta sobre inspeccións de xestión de cadáveres en granxas (1).
- Alegacións a 7 forestacións (1 A Coruña, 3 Ourense, 3 Pontevedra).
- Alegacións ao Real Decreto sobre normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas (1).
- Alegacións á orde de axudas á reforestación (2).
- Denuncia ao SEPRONA por danos no Castro do Muro (Ourense) apertura pista forestal (1).
- Pregunta por danos patrimonio cultural por traballos forestais (1 Ourense).

#### Auga (6 escritos)

- Petición de analíticas de augas subterráneas de A Limia (1).
- Pregunta mortandade peixes río Tambre (2).
- Pregunta verteduras de lodos ao río Támega polas obras do AVE (1).
- Solicitud de declaración zona vulnerable acuífero de A Limia (1).

#### Biodiversidade (8 escritos)

- Caza: pregunta sobre número de batidas ao porco bravo (1)
- Especies ameazadas (2): poboación *Eryngium viviparum* ameazada por verteduras (1) e varias especies ameazadas por polígono industrial en Ribeira (1).
- Outras especies (5): pregunta sobre os permisos de captura de frinxílicos para silvestrismo en Galicia (1), petición de respecto para os anfibios e outra fauna acuática durante a limpeza dos puntos de auga contraincendios (2) e solicitude de información sobre colisións de fauna en parques eólicos (1).

#### Enerxía (4 escritos)

- Parques eólicos: 3 alegacións (A Coruña).
- Planta de metanol: 1 alegación a concesión augas a proxecto Paratermo Enerxía (Ourense).

#### Espazos naturais (13 escritos)

- Alegacións a PRUX (4): PN das Illas Atlánticas, PN de Corrubedo, PN do Invernadoiro e PN da Serra de Enciña da Lastra.
- Solicitud de seguimento obras A-76 na contorna do PN da Serra de Enciña da Lastra (1).
- Alegacións a embarcadoiro e miradoiro en Sober (Lugo) (1).
- Alegacións a tirolina no Canón do Sil (1).
- Denuncia ao SEPRONA por obras na praia de Laxe (1).
- Denuncia ao SEPRONA concentración motorizada non autorizada no Macizo Central ourensán (1).
- Denuncia ao SEPRONA e a DXPN por visita turística ás Illas Sisargas (2).
- Pregunta por danos na ZEC Estaca de Bares polo fin de etapa da Vuelta Ciclista a España (1).
- Solicitud de deslinde costas na “península” da Bunge no río Mero (1).

#### Minería (7 escritos)

- Alegacións ao Plan Sectorial das Areeiras da Limia (1).

- Alegacións a 4 canteiras (2 A Coruña, 1 Lugo, 1 Ourense, 1 Pontevedra) e 1 areeira (Ourense).
- Pregunta danos ao castro da Copa pola mina de Touro (1).

### **Ordenación do Territorio (1)**

- Alegacións á Lei de Ordenación do Territorio de Galicia (1).

### **Residuos (9 escritos)**

- Alegacións a centros de xestión de RCD (3): 2 A Coruña, 1 Lugo.
- Solicitude á Xunta de Galicia de xeolocalizadores-GPS nos vehículos que transporte residuos (1).

## **ENTREVISTAS MEDIOS DE COMUNICACIÓN (22)**

### **Radio (11):**

- Cadena SER-Radio Arousa (3): mina de Touro (29-01-2018, 23-05-2018 e 24-05-2018).
- Cadena SER-Radio Coruña (1): porco bravo (12-09-2018).
- Radio Voz (2): día mundial dos humidais (02-02-2018) e accidente mortal nas Catedrais (03-04-2018).
- Radio Estrada (1): mina de Touro (23-02-2018).
- Radio Galega (3): situación especies ameazadas (22-04-2018), prohibición do silvestrismo de frinxíldos (17-07-2018) e contaminación do río Limia (10-08-2018).
- RNE-Ourense (1): xuntanza na DG Medio Ambiente da UE (26-11-2018).

### **Televisión (4):**

- TVG (1): entrevista sobre as cegoñas e os humidais da Limia (07-03-2018).
- La Sexta (2): eucaliptos como especies invasoras (19-04-2018) e trucha arco iris e especies invasoras (28-06-2018).
- TVE-emisión nacional (1): alumeado de nadal en Vigo (23-11-2018).

### **Xornais (7):**

- ABC-Galicia (2): normativa puríns (25-01-2018) e minas de tantalio Penouta e Forcarei (09-04-2018).
- La Voz (3): depuradora e mina de Touro (29-01-2018), accidente mortal nas Catedrais (16-04-2018), entrevista a presidente SGHN (07-12-2018).
- El País (2): accidente mortal na praia das Catedrais (07-04-2018), canteira de caliza no PN de Enciña da Lastra (10-05-2018).

## **XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS e PUBLICACIÓNS**

- Visita ao Parlamento Europeo e entrevista con eurodiputados sobre temas ambientais (15-05-2018).
- Xuntanza con grupos Parlamento Galego sobre a mina de Touro (27-06-2018).
- Xuntanza con funcionarios da DG Medio Ambiente da Unión Europea e eurodiputados sobre a contaminación por residuos gandeiros na Limia (26 e 27-11-2018).
- Xestión contable adaptada á normativa legal de aplicación.
- Mantemento e actualización páxina web.
- Publicación electrónica da revista BRAÑA nº 15 e impresión dos nº 13 e 14 (2015-2016)
- Publicación do nº 54 da revista PASPALLÁS
- Xestión do facebook da Xeral e unificado.
- Lanzamento e mantemento de instagram SGHN.
- Convenio coa Universidade de Vigo para as prácticas de tradución de alumnos, coa participación dunha alumna que traduciu textos da web ao francés.

## **ASISTENCIAS A ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN (4)**

- Observatorio Galego da Biodiversidade (14-05-2018).
- Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (05-11-2018).
- Reunións sobre modelo forestal organizado pola Fundación Juana de Vega (26-01-2018; 14-05-2018).

## **DENUNCIAS**

- Denuncia diante da Fiscalía de Medio Ambiente de Ourense pola contaminación de nitratos no acuífero de A Limia (1).
- Denuncia ao SEPRONA por destrución dunha colonia de Riparia riparia en Ourense (1).
- Denuncias ao SEPRONA de vertedoiros non autorizados (4): 1 A Coruña, 3 Ourense.
- Denuncia mala xestión residuos fresado N-525 e A-52 (1)

## DELEGACIÓN DAS MARIÑAS

### Informe de Situación

Este ano o máis destacable na nosa Delegación foi a participación no proceso de creación do Consello Sectorial Ambiental do concello de Sada, cunha actividade importante este ano como foi a elaboración do regulamento de benestar animal municipal ou a rexeneración da praia de Sada. Este último asunto foi moi importante xa que dende a Delegación seguimos mantendo a nosa oposición a este proxecto, que entre outras cousas ía destruír unha pradería de *Zostera* de 20 has. Como novidade tamén están as ofertas de xeiras ornitolóxicas para iniciarse na observación de aves.

### DIVULGACIÓN

- Charlas: aves invernantes en febreiro con saída á comarca da Limia.
  - Plantas medicinais con saída ao Courel en outubro.
  - Saídas guiadas: Ás ínsuas do Miño e ollos de Begonte, Xeorruta en Bares e Loiba.
  - Mini-cursiños: debuxo da natureza en xullo. Algas en agosto e cogomelos en novembro.
  - Saídas (“xeiras”) ornitolóxicas de iniciación á observación de aves en marzo, abril, outubro e decembro.
- En total nas actividades de divulgación participaron 252 persoas.

### OUTROS

- Presentación de escrito de protesta a Augas de Galicia polas obras de saneamento e separación de pluviais na zona das Brañas de Sada que inclúe un tanque de tormentas que verte a unha das lagoas da zona húmida.
- Alegacións a exposición pública do proxecto de ENIL para As Brañas de Sada.
- Alegacións ao PXOM do concello de Bergondo.
- Alegación a gasoleira de Ledoño (Culleredo).
- Artigo de na revista “Paspallás” sobre as necesidades de preservar o zosterol da praia de Sada.
- Participación nas reunións da xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural “As Mariñas-Betanzos” en representación da mesa de medioambiente e mozos ( 4 reunións).
- Reunión cos técnicos da Deputación de A Coruña para poder elaborar unhas novas bases de subvencións de actividades de medio ambiente.
- Preparación dos escritos de protesta ante a Deputación de A Coruña polas novas bases publicadas das subvencións de medio ambiente.
- Participación nas reunións do Consello Sectorial de Ambiente do concello de Sada ( 1 reunión).
- Participouse na reunión de Sada para elaborar o proxecto de infraestruturas verdes na área da Coruña, en colaboración con outras entidades e promovido pola Consellería de Medioambiente.
- Preparar documentación para poder realizar alegacións ao proxecto urbanístico na península de Bunge (Culleredo).
- Realización das mostraxes trimestrais do seguimento de carnívoros medianos en colaboración co grupo GEAS nos concellos de Sada e Bergondo.
- Realización do censo de aves invernantes da ría do Burgo, ría de Ares-Betanzos e encoro de Cecebre no mes de xaneiro.
- Participar nunha reunión da mesa de medioambiente da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” para entre outros asuntos realizar indicacións no proxecto de Life Fluvial 2017-20 desenvolvido en algunha zona da Reserva ( contorno do pazo de Mariñán, encoro de Cecebre).
- Participación nas actividades organizativas e de voluntariado da Fundación Fragas do Mandeo dedicada á custodia do territorio.
- Colaboración coa V Maratón Ornitolóxica organizada polo G.N. Hábitat dentro da Reserva da Biosfera “Terras do Mandeo e Mariñas Coruñesas” en maio.
- Participar na redacción xunto coa asociación O Rabo do Galo e Hábitat dun borrador de ENIL do Baxoi (Miño) para entregar na Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.
- Colaboración na Xornada de Limpeza de Praias organizada pola Cruz Vermella de Sada.
- Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria da Delegación en decembro.

## **DELEGACIÓN DE FERROL**

### Informe de Situación

A Delegación de Ferrol propúxose no 2018 continuar co labor de impulso das actividades naturalistas e de atención a cuestións de conservación consideradas prioritarias na zona de influencia. Adicionalmente manter a atención e soporte ao Museo de Historia Natural.

Por primeira vez se organizaron actividades ao abeiro das subvencións da Deputación da Coruña, que contaron cunha participación ao completo. Mantívose unha boa presenza en redes sociais, cun elevado impacto do Facebook e a cobertura dos medios aos actos e iniciativas foi bastante satisfactoria.

As previsións para 2019 son continuar na liña de crecemento sostido na afiliación social, fomentando a participación activa, ademais de manter as colaboracións con outras entidades

### **XESTIÓN AMBIENTAL**

Entrevista solicitada pola enxeñería encargada pola Xunta para modificar o Plan de apertura da lagoa da Frouxeira.

Iniciativa de conservación da Camariña. Visita a Pantín co axente ambiental da zona da Xunta, para rexistrar a interacción Smilax-Corema

Entrevista coa Técnica de Medio Ambiente do Concello. Preparación da charla de invasoras e deseño de actuación en costas

### **ENTREVISTAS MEDIOS DE COMUNICACIÓN**

Entre artigos e entrevistas nos medios de comunicación en total foron 8, sobre diversos temas desde a sinatura do Convenio co Concello de Ferrol “ A biblioteca sae ao medio” e as actividades a realizar nela, limpeza de praias, Día do Medio ambiente, limpeza do fondos mariños, Lagoa da Frouxeira. Total 8

### **CONFERENCIAS, CHARLAS E OUTRAS ACTIVIDADES**

Charlas, Conferencias, Mesas redondas en total 9 coa asistencia de 210 persoas. “Garranos, “A ría de Ferrol”, “O eucalipto e a fauna”, “Lobo ibérico”, “Ferrol de la Ilustración e a súa candidatura para ser incluída como Patrimonio Mundial pola Unesco”, "Guía de los Moluscos Marinos de Galicia", Equiocio. Montaxe, mantemento e desmontaxe dunha exposición de oito carteis da SGHN sobre valores naturais dos campos de As Cabazas, en colaboración coa CMVMC de Covas-Esmelle, Charla para nenos na Gardería Infantil sobre A lagoa da Frouxeira.

Asociación Columba. Paseo ornitolóxico polos campos de As Cabazas con Xan Rodríguez Silvar e Asesoramento directo á dita Asociación sobre o desbroce na Illa de Santa Comba.

### **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN E CONSERVACIÓN**

- 6 saídas Censos, Ortigueira, Ría de Viveiro, Ría de Ferrol, Ría de Ares, Foz

- 13 saídas RAM Cabo Prior

- 2 reunións do Grupo Píllara das Dunas así como asistencia a XORNADA TÉCNICA DE XESTIÓN E CONSERVACIÓN da Píllara das dunas.

- Charla do Delegado na Aula de Ecoloxía Urbana e Mesa Redonda sobre o voluntariado Ambiental na Aula de Ecoloxía Urbana, tamén se realiza coa Aula de Ecoloxía Urbana e o Concello de Ferrol unha visita a estación de bombeo e a depuradora.

- Inspección do desbroce sobre dúas camariñas de As Cabazas polo tractor da Deputación

- Observación de Voitres na Gañidoira

- Desbroce da senda do observatorio de Doniños para as visitas de A Biblioteca da SGHN sae ao medio

- Xestión telefónica coa Consellería, Xunta, sobre o estado da subvención ao Concello de Ferrol para o balizado de dunas en San Xurxo-Esmelle. Perderíase finalmente por falta de contratación da execución.

### **XEIRAS NATURALISTAS E EXCURSIÓNS**

- Ruta dos Muiños. Colaboración cos colexios participantes no programa de Tutoría en entre iguais. Programado: 1 xuño 2018 10:30 - 11:30. Val de Esmelle.

- Ao abeiro do Convenio asinado con Concello de Ferrol “A biblioteca da SGHN sae ao medio” fanse 3 saídas, A Alameda e xardíns de Ferrol”. Asisten 31 persoas, Doniños a Noite. Asisten 26 persoas, Doniños de Día. Asisten 28 persoas Realízase a actividade Outono Naturalista con seis saídas

- Saída 1/6 Outono naturalista: A fraga de Menáncaro. Asisten 21 persoas. Saída 2/6 Outono naturalista: Cabo Prior. Asisten 23 persoas. Saída 3/6 Outono naturalista: A vida dun río: o Regato Roxedoiro de Esmelle. Asisten 23 persoas. Saída 4/6 Outono naturalista: Montes de San Xurxo. Asisten 23 persoas. Saída 5/6 Outono naturalista: A mina de

Covarradeiras Asisten 22 persoas. Saída 6/6 Outono naturalista: Lagoas costeiras ártabras. Asisten 21 persoas. Total de asistentes 133

## RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES

Mantéñense reunións coas seguintes entidades Programa Green Campus UDC, 2 reunións con ADEGA sobre os Montes, 3 coa asociacións Canido, 1 Compromiso Galicia, 2 reunións co Concello de Ferrol onde trátase a modificación da actividade “A Biblioteca sae ao Medio”

- Mesa Redonda sobre Voluntariado Ambiental, con presenza de Adegas, Cemmas, Enxeñería sen Fronteiras, Sociedade Galega de Historia Natural, Universidade da Coruña (Oficina de Voluntariado), Verdegala.
- Participación colaborativa na xuntanza da Comunidade de Montes Venciñais en Man Común de Covas-Esmelle sobre a xestión da Camariña nos campos de As Cabazas.
- Asistencia ao Foro Humboldt.
- Presentación programa de limpeza da Ría Ferrol dentro de Libera, e Limpeza no Peirao de Curuxeiras, programa Libera.
- Representación polo delegado no foro sobre Patrimonio industrial
- Presentación da I MEMORIA DE SOSTENIBILIDAD DE EQUIOCIO.
- Charla de Xan Rodríguez Silvar sobre Ángeles Alvariño no Colexio Valle Inclán.
- GALP. Vidas mariñeiras.
- Entrevista gravada ao delegado a dous alumnos de 2º de Bacharelato da profesora Dolores Vizoso IES Concepción Arenal sobre contaminación mariña (mareas negras e plástico no marzo)

## DELEGACIÓN DE OURENSE

### Informe de Situación

Destaca en 2018 de novo a interacción con outras asociacións ambientalistas e non ambientalistas (Asoc. Estudos Sta. Mariña Augas Santas, Ateneo, Museo Arqueolóxico, Amigos da Terra, Amigas das Árbores, Móvete por Nogueira, Ríos Limpos, Centro de Estudos da Limia, Asociación Aves do Barroso, Museo de Vilar de Santos, Comisión da Festa da Pataca de Vilar de Barrio, Asociación Galega de Custodia do Terriorio, Asociación de Comunicadores de Ciencia). Así mesmo o traballo conxunto coa Delegación de Pontevedra e a Sección de Entomoloxía, e sobre todo a colaboración constante coa Sección Antela.

De novo a participación de algúns socios na organización de actividades e excursión foi de interese en 2018, e agardamos poida supoñer un impulso de futuro para a Delegación en Ourense da SGHN.

Tras a constitución no 2017 do Grupo de Arborado Urbano, durante 2018 traballaron no seguimento de diversas problemáticas como a defensa do xardín do Posío ou a nota de prensa sobre o arborado da estrada de Trives; e coorganizandoo dúas saídas a zonas de interese ornamental na cidade de Ourense.

Interesante tamén a comunicación e solicitude de cooperación dos socios da Delegación en temas como a presenza da defoliadora do buxo *Cydalima perspectalis*, con comunicacións que ampliaron a zona afectada na provincia, a presenza e recollida de lixo plástico derivado dos fogos artificiais, etc.

Foi o ano no que o facebook da Delegación desapareceu para dar paso a un gran espazo semellante a nivel galego, o cal incrementou en grande medida a media de amigos de SGHN. Participouse con varias inclusións, así como na nova presenza en redes sociais, neste caso en Instagram.

Como todos os anos, continuouse a revisión diaria dos boletíns oficiais e medios de comunicación e envío ao resto de Delegacións e Seccións, así como a colaboración na páxina electrónica de SGHN e a participación nos temas propostos pola Xunta Directiva Xeral de SGHN.

## ESPACIOS

A Limia resultou o espazo máis atendido pola nosa Delegación con alegacións a novas granxas ou ampliación de outras, denuncias varias sobre contaminación, sondaxes de gran profundidade, acumulación de áridos asfálticos. Continuouse o seguimento do Plan Sectorial das areiras da Limia, que resultou arquivado polas deficiencias detectadas. Solicitouse e recibíuse da CH Miño Sil información de alto interese de analítica de augas subterráneas. Solicitouse ao Ministerio de Transición Ecolóxica a declaración de A Limia como zona vulnerable a nitratos, do que aínda non hai resposta. Ademais de facer o seguimento de nidificación de *V. vanellus* e distintas actividades en colaboración coa Sección Antela, nas que pode destacar a axuda na segunda fase de subvención para a retirada de entullos e pedras na veiga de Gomareite.

Con relación a outros espazos, a maiores dun seguimento xeral, preguntouse á Consellería de Medio Ambiente sobre unha proba de BTT no LIC e ZEPA de Pena Trevinca, conseguindo polo menos un retraso ata pasadas as datas



de crianza. Participou unha compañeira nosa na Xunta consultiva do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra en representación dos grupos de defensa da natureza.

## FLORA

En canto ao arborado, emitiuse unha nota de prensa pola tala de árbores nas beiras da estrada OU-536 nos concellos de Pereiro de Aguiar e Esgos. Neste apartado o Grupo de Arboredo Urbano enviou escritos ao Concello de Ourense e aos grupos políticos municipais sobre a xestión do arboredo urbano con resposta de dous grupos e entrevista con un deles, sen ningún avance positivo. Tamén solicitouse información dos traballos previstos no Xardín do Posío en varias ocasións, ao non haber resposta remitiuse a información ao Valedor do Pobo, sen solución neste ano 2018.

## FAUNA

Durante o mes de xaneiro realizáronse os censos de acuáticas invernantes en vinte localidades coa participación de 12 persoas. Pola comunicación dun socio denunciouse a afección á fauna na limpeza dos tanques de auga para incendios e solicitouse un protocolo de actuación que protexera á fauna. Como principal cuestión en relación a especies invasoras, SGHN detectou a presenza en Ourense de *Cydalima perspectalis* (polilla do buxo) e avisou aos concellos onde se detectara e a Sanidade Vexetal da Xunta; agradeceu o aviso exclusivamente o Concello de Ourense. Fíxose un seguimento xeral da caza e da pesca na provincia. Constatouse e seguíuse a colonia de nidificación de *Ardea cinerea* en Valdeorras e a crianza de *Vanellus vanellus* en A Limia. Finalmente denunciouse a destrución da colonia de aniñamento de *Riparia riparia* en Sandiás, actuando o Seprona que deu parte a Medio Ambiente.

## FORESTAL. INCENDIOS E MONTES

De novo fíxose durante 2018 un seguimento continuado dos incendios forestais, incidindo ante a Consellería do Medio Rural no tema do pastoreo tras incendio, colaborouse preparando as bases das notas de prensa e escritos presentados desde a XDX de SGHN.

Neste ano alegouse a dúas obras de repoboación forestal e a cambios de uso de parcelas, e denunciouse ante as consellerías de Medio Rural e Cultura a destrución por obras forestais do castro Muro de Búbal e Baluarte do Alto de San Salvador, grazas en ambos casos aos avisos dos nosos consocios.

## OUTROS TEMAS

Seguimento de outros temas como, enerxía, ríos, demografía, política, urbanismo, estradas e ferrocarril, agricultura e gandería, cambio climático, contaminación incluso lumínica, etc.

En canto a contaminación e polo aviso dunha simpatizante a través do facebook constatouse o tratamento herbicida na estrada a Rivela, solicitando información aos Concellos de Ourense e Coles, ambos respostaron que non coñecían o feito e que a estrada era xestionada pola Deputación Provincial, tampouco a Deputación deu información. En minería, alegouse ao aproveitamento Cuñas en Trives.

No seguimento de ríos preguntouse sobre desaugue de fondo no encoro das Conchas, respostou a CH Miño-Sil confirmando o tema e sinalando que é o único medio continuo de aportación aos caudais ecolóxicos e para toma de mostras de HAP. augas abaixo da presa. Denunciouse tamén o vertido de lodos ao río Támea.

## TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN, XEIRAS NATURALISTAS E EXCURSIÓNS

- Bolboretas nocturnas en A Limia.
- Seguimento da nidificación de *V. vanellus* en A Limia e *A. cinerea* en Valdeorras.
- Censo de acuáticas invernantes da provincia de Ourense.
- Lixo pirotécnico nas beiras do río Miño.
- Xardín do Posío, vida e cultura.
- Visita guiada aos axardinamentos do Campus de Ourense.
- Día do Medio Ambiente polas cercanías de Ourense (Castro de San Cibrán de Lás, Barbantiño, Castro de Santa Lucía, encoro de Castrelo)
- Videferre: Olas de Santa Mariña, lagares rupestres, forno comunal e igrexa.
- Parque botánico de Lourizán e Gándaras de Budiño.
- Colaboración noutras saídas organizadas pola Sección Antela ou a Asociación de Estudos de Santa Mariña de Augas Santas ou Ateneo, por exemplo percorrido por varios lugares de Nogueira de Ramuín (coa colaboración de Movete por Nogueira), O románico menor de Chantada, visita guiada á colexiata de Xunqueira de Ambía e surxencias termais; Día dos Humidais por A Limia e 8ª edición de Na Procura do Abellaruco polo país do Riós.

## CONFERENCIAS, CHARLAS E OUTRAS ACTIVIDADES

- Madagascar, realidades dun país único.
- Avelaiñas na Limia, segunda edición, coa sección de entomoloxía; tamén coa sección de entomoloxía artigo sobre *Vespa velutina* na revista Xardín Galego.
- Celebración dos 45 anos de SGHN na veiga de Gomareite.
- Control de exóticas invasoras en A Limia.
- Agrogandeiría e Biodiversidade en A Limia (organizada polo Museo de Vilar de Santos).
- Axudas na presentación do libro "Aves da Limia" en distintos lugares.
- Xornada de observación de aves no Alto Támeiga Internacional coa asociación Aves do Barroso.
- Noite de San Xoán en Trandeiras (coa Asoc. de estudos Sta. Mariña de Augas Santas).

Coa Sección Antela: recollida de lixo na veiga de Gomareite, charla na festa da pataca de Vilar de Barrio, actuacións de custodia do territorio da SGHN en A Limia coa Asoc. Galega de Custodia do Territorio.

Tamén coa asoc. estudos Sta. Mariña Augas Santas, visita á exposición "In tempore suevorum", VIII xornadas de estudos sobre Santa Mariña de Augas Santas.

Invitación aos socios a participar nunha actividade na praza de San Marcial (organizada por Amigos da Terra), Iniciación á Astronomía (polo Ateneo de Ourense) e A muller e a ciencia, fotóns sen fronteiras e parece ciencia pero... (coa asociación de Comunicadores de Ciencia).

Mención especial para a xornada de presentación da nova páxina electrónica de SGHN a fin do seu coñecemento, preguntas e propostas sobre a mesma antes de poñela en marcha, coa participación de varios consocios.

## DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

### Informe de Situación

En 2018 mantívose a liña de actuación encetada o ano 2017 coa celebración das II Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade, cun notable éxito de participación e impacto.

Gándaras de Budiño mantense como un dos eixos principais de traballo, especialmente pola labor do vogal de Gándaras, con múltiples actividades e colaboracións con outras asociacións.

### ESPACIOS LIC

LIC ES1140004 Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e lagoa Bodeira

Consellería do Mar      Dragado no complexo intermareal

Consellería do Mar      Alegacións á construción dun peirao deportivo na Illa da Toxa

Consellería de Medio Ambiente e O. T.      Alegacións á construción dun peirao deportivo na Illa da Toxa

LIC ES1140011 Gándaras de Budiño.

Presentación dun proxecto a VozNatura de restauración ambiental na antiga parcela da aula de interpretación natural. Concedida. Desenvolvéronse 22 actividades de voluntariado e xeiras, cunha participación de 353 persoas.

20/01/2018 Censo de Aves acuáticas Invernantes nás Gándaras de Budiño e Ribeiras do río Louro; 27/01/2018 Saída Myxomycetes en Gandaras de Budiño; 04/02/2018 Roteiro interpretativo ambiental e etnográfico pola Ruta Orbenlle-Veigas do Louro; 18/02/2018 Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño; 18/03/2018 Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño; 18/03/2018 Restauración ecolóxica con CMVMC San Esteban; 24/03/2018 Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño; 5/03/2018 Restauración ecolóxica con CMVMC San Esteban; 05/05/2018 Proxecto Rios Primavera; 09/05/2018 Caixas niño con Asociación Arela-CMVMC San Esteban; 10/06/2018 Roteiros Ambientais das Gándaras de Budiño: Ruta circular dos ecosistemas: brañas, turbeiras e bosques aluviais; 15/07/2018 Roteiro e Muiñada río Regueiro; 22/07/2018 Rota das Pontes, Poldras e Pontellas nas Gándaras de Budiño; 11/08/2018 V Testing fotográfico da biodiversidade das Gándaras de Budiño; 15/09/2018 Noite das avelaiñas; 30/09/2018 Limpeza Lixo nas Ribeiras do río Louro; 20/10/2018 Visita SGHN-Antela: Restauración ecolóxica nas Gándaras de Budiño; 28/10/2018 Proxecto Rios Outono; 17/11/2018 Rota das Pontes, Poldras e Pontellas nas Gándaras de Budiño; 01/12/2018 Saída micolóxica ás Gándaras de Budiño; 02/12/2018 Ecoloxía e patrimonio de Faro Budiño; 31/12/2018 San Silvestre Botánica

Complementariamente presentáronse varios escritos de denuncia así como alegacións diante de

Consellería de Medio Ambiente e O. do T.

Vertido pneumáticos en Gándaras

Concello de Tui e Consellería de Medio Ambiente e O. do T.

Presenza dun chiringuito móbil en zona ZEC

Consellería de Medio Ambiente e O. do T. e Consellería de Industria Alegacións canteiras Coviña e Mercedes

## II XORNADAS GALEGAS DE PATRIMONIO NATURA E BIODIVERSIDADE

Desenvolveuse o 25 e 26 de novembro de 2018 coa presenza de 9 relatores sobre diversos temas, dende a pesca de tabeiróns, conservación de orquídeas ata análise da situación legal do catálogo de especies protexidas de Galicia. Contou coa inscrición de 149 persoas. Desenvolveuse en dúas partes, a presentación dos relatores o día 25 e a proxección do documental “Mariposas” do Dr. Alberto José Redondo Villa, da Universidade de Córdoba, presentado por vez primeira en Galicia e unha asistencia de máis de 300 persoas.

### CENSOS DE AVES INVERNANTES

Participación de 28 persoas. Realizados en sete xornadas de censo. Cubriuse a provincia de Pontevedra e a Ría de Arousa en ámbalas dúas marxes, incluíndo os principais encoros interiores.

### OUTROS

- Mantemento do facebook de SGHN Pontevedra ata su integración nun único facebook da SGHN.
- Atención a consultas ambientais de socios e non socios (4)
- Censos de aves acuáticas invernantes, coa participación de 28 persoas. Realizados en sete xornadas de censo. Cubriuse a provincia de Pontevedra e a Ría de Arousa en ámbalas dúas marxes.
- Escrito ó concello de Vigo, conxuntamente coa sección de Astronomía e contaminación lumínica, polo iluminación excesiva no Nadal e mal enfocada.
- 20/10/2018. Conxuntamente coa delegación de Ourense, saída monitorizada ó Parque botánico de Lourizán (Pontevedra), guiado polo Dr. Javier Silva-Pando, xantar no arboreto de Castiñeiras (Marín) e visitas as accións de recuperación en Gándaras de Budiño (O Porriño-Tui) guiados polo Dr. Julio Valeiras.
- Apoio a Verdegaiá na xestión da praia canina promocionada polo concello de Vigo.
- 24/03/2018 Relatores na Mesa de ideas sobre actuacións de repoboación no monte queimado, convocado e organizado por Artelixo de Redondela, a SGHN como ponente e invitados varias xuntas de montes de man común.
- Toma de contacto para participar nun Erasmus+ como entidade ambiental colaboradora e asesora relativo ó cambio climático e afección á fauna, flora e xea local.

## SECCIÓN ANTELA

Durante o ano 2018 dáse continuidade a varios dos proxectos iniciados en anos anteriores nas tres principais zonas de intervención:

### Veiga de Gomareite

- Desenvólvese a segunda e última fase de retirada de lixo patrocinado polo proxecto Libera (SEO – Ecoembes) coa retirada manual de 12 m<sup>3</sup> de residuos variados especialmente en zonas asolagables.
- Acométese a anualidade 2018 no marco das axudas a investimentos non produtivos vinculados a realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000. As actuacións supoñen un grande avance no proxecto coa retirada de entullos, pedras e residuos variados sobre aproximadamente un tercio da superficie.

### Humidal Antonio Villarino

- Remátase o proxecto “Restauración dunha parcela desaugada na antiga Veiga de Vilaseca” con lixeiras modificación sobre o plan inicial asegurando o asolagamento moi somero dos bordos do predio. Có desenvolvemento da vexetación arbustiva fíxose precisa algunha actuación de xestión do mato.
- Elabórase o informe anual “Evolución humidal Antonio Villarino, 2018” en colaboración có Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso” no que se plasman os datos recollidos ao longo do ano.
- Realízase seguimento dos núcleos reprodutoras de *V. vanellus* na Limia e tamén da poboación de *E. viviparum*.

### Parcelas alugadas ao Bantegal

- Xestión de vexetación en parcelas de Porqueira nas que se ten asinado un acordo de custodia de territorio cun gandeiro local.
- Seguimento anual da situación e evolución das parcelas alugadas ao Bantegal e xestións relacionadas.
- Na poza “Poza dos Arieiros” avanza o proxecto de remodelación coas limitacións derivadas nun primeiro momento do asolagamento das zonas de traballo; traballo que se completa con labores de retirada de especies vexetais exóticas invasoras.

Xunto con estas actuacións principais celebráronse un ano máis o “Día dos Humidais”, “Na procura do abellaruco” e “Noite de aveláñas”, colaborándose estreitamente coas actividades da Delegación de Ourense.

## SECCIÓN DE ASTRONOMÍA E CONTAMINACIÓN LUMÍNICA

### ENTREVISTAS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- Cadena Ser. Entrevista ó coordinador polas actividades da Sección de Astronomía. Data 3 marzo 2018: 10:00h
- Cadena Ser. Entrevista ó coordinador polas actividades que se realizan na Sección de Astronomía e Contaminación Lumínica. Data 13 marzo 2019. 11:00h
- Diario de Ferrol presentación exposición Astrofotografía. Data 16 de xuño 2018. 12:00h
- Cadena Ser entrevista ó coordinador sobre Observación Sta. Catalina. Data 17 agosto 2018. 13:30h
- Cadena Ser entrevista ó coordinador sobre as conferencias do Reloxos de Sol. Data 6 de novembro 2018. 11:00h

### COÑÉCENDO O UNIVERSO

- 9-Xaneiro-2018 Colexio Valle Inclán. Acoden 21 alumnos de diferentes cursos de primaria.
- 11-Xaneiro-2018 IRES Ferrol Vello. Acude un grupo de 15 alumnos de 3º da ESO.
- 16-Xaneiro-2018 CEIP de Recimil. Acuden 25 alumnos de 3º de Primaria.
- 18-Xaneiro-2018 Colexio Tirso de Molina. Asisten 25 alumnos de 3º de Primaria.
- 23-Xaneiro-2018 CEIP de Recimil. Acuden 19 alumnos de 4º de Primaria.
- 25-Xaneiro-2018 CEIP de Pazos. Asisten 25 alumnos de infantil e 1º e 2º de Primaria.
- 30-Xaneiro-2018 IES de Canido. Asisten 19 alumnos de FP Básica.

### CONFERENCIAS, CHARLAS E OUTRAS ACTIVIDADES

- Charla no Colexio La Salle sobre “O sistema Solar a 50 nenos de entre 3 e 8 anos. 10/04/18.
- Charla no Colexio La Salle sobre “O tamaño das estrelas” a 50 nenos de entre 3 e 8 anos. 11/04/18.
- Charla no Colexio La Salle sobre “A Observación do sol” a 50 nenos de entre 3 e 8 anos. 18/04/18.
- Conferencia na Náutico pesqueira sobre “Ceos do Norte e do Sur. Ceos Mariños” impartida polo coordinador. Asisten 35 alumnos. Data 26 abril 2018. 12:00h
- Charla no IES Moncho Valcarce “ El viaje espacial”, asisten 62 alumnos de 1º da ESO. Data 04 xuño 2018. 12:30h
- Charla en Esmelle sobre Astrofotografía, 35 persoas. Data 04 de agosto 2018. 11:45h
- Conferencia sobre Astronomía a 50 nenos de 5º de Primaria do Colexio Compañía de María de Ferrol, dividido en dous grupos. Data 10 de outubro 2018. 11:00h
- Charla sobre Astronomía a 55 alumnos de 1º da ESO do IES Saturnino Montojo. Dividido en dous grupos de 10:00 a 11:45h e de 11:45 a 12:35h. data 15 outubro 2018
- Charla de Astronomía no IES Ferrol Vello a 60 alumnos de 1º da ESO repartidos en dous grupos. 17/10/18. 12:30h
- Charla sobre “A Vía Láctea” a 75 alumnos de 1º de Bacharelato do IES Concepción Arenal, divididos en tres grupos: 19 outubro 2018. 9:20h, 10:30h, 11:20h
- Charla sobre “A vida láctea” e “Viaxe espacial” a 50 alumnos de 1º da ESO do IES Masculino. 22 outubro 2018. 11:20h

### ACTIVIDADES

- Conferencia en III Congreso de Fotografía de Longa Exposición no Mosteiro de Santa Catalina (Ares). 13/07/18, 90 persoas
- Observación das Perseidas, 12 de agosto de 2018, coa asociación de Veciños de Esmelle
- Observación astronómica para Amigos do Monasterio de Santa Catalina no Mosteiro de Santa Catalina Ares, 17/08/18, 150 persoas.
- Observación astronómica Colexio Compañía de María. Data 16 outubro 2018, 50 nenos e pais.
- Xornadas reloxos de Sol os sábados 10 e 17 de novembro. Sábado 10 novembro 2018: 11:00 a 13:00h asisten 23 persoas no salón de actos da SGHN
- Observación Astronómica nocturna co IES Terra de Trasancos, asiste 45 persoas. 13/11/18 na localidade de Muras
- Xornadas reloxos de Sol os sábados 10 e 17 de novembro. Sábado 17/11/18: 10:00 a 13:00h asisten 23 persoas no salón de actos da SGHN
- Observación astronómica para o Concello de Muras, no antigo colexio de Viveiro o 6/12/18, asisten 56 persoas.

### EXPOSICIÓNS

16 de xuño 2018. Inauguración da exposición de Fotografía Astronómica “Astrofotografía en Ferrolterra” con presentación no Salón de actos do Museo da SGHN a cargo de Paulino Gasalla ( responsable da Sección de Astronomía e Contaminación Lumínica da SGHN) e de Marcos López Alonso, membro da SGHN e da Asociación Fotografía de Ferrolterra e autor de parte das fotos da exposición. Asisten ese día 35 persoas. Finaliza dita exposición o día 3 de outubro 2018 coas asistencia de 2.074 persoas.



## SECCIÓN BOTÁNICA

### Informe de Situación

A sección mantivo o enfoque de anos anteriores, orientado á compilación de rexistros de campo de flora autóctona e exótica invasora. Continuación coa divulgación e realización do atlas de Flora Exótica Invasora e as fichas informativas.

### ESPECIES AMEAZADAS

Os colaboradores da sección de Botánica prepararon un solicitude para a inclusión da *Corema album* (L.) D. Don no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, Categoría Vulnerables (V). A xustificación da inclusión desta especie no catálogo realizouse mediante bibliografía e traballo de campo.

Co fin de que a inclusión desta especie tivera máis forza solicitouse a D. Francisco Javier Silva Pando do Centro de Investigación de Lourizán que tamén realizara a solicitude de inclusión no catálogo dende o centro. Co fin de apoiar esta iniciativa colaborouse tamén no traballo bibliográfico e de avaliación das poboacións da especie no campo.

### DIVULGACIÓN

Realizáronse 8 fichas de flora exótica invasora e na actualidade hai un total de 45 fichas. Estas remítense aos colaboradores da sección, aos socios e publícanse na web cara a súa maior divulgación.

Con motivo da floración da *Cortaderia selloana* realizouse unha ficha informativa sobre as boas prácticas a realizar para favorecer a súa eliminación e non colaborar na súa dispersión.

Asesorouse ao concello de Ferrol na realización dunha charla sobre Especies Exóticas Invasoras.

### ORGANIZACIÓN/XESTIÓN

Colaborouse na xestión do convenio entre a SGHN e a Universidade de Vigo co Campus de Pontevedra.

Colaborouse coa Delegación de Pontevedra na organización das II Xornadas Galegas de Patrimonio Natural e Biodiversidade.

Tamén se atenden as persoas que fan consultas botánicas, tanto vía correo electrónico como whatsapp.

## SECCIÓN ENTOMOLOXÍA

### Informe de Situación

A sección mantivo o mesmo enfoque que en anos anteriores, orientado á compilación de rexistros de campo de diversas ordes de insectos. Paralelamente estase a artellar a estrutura de rexistro de datos para facela compatible cos requisitos de Gbif e a representación baixo software libre tipo Qgis.

A divulgación a través da web con imaxes e as fichas de identificación son outro pilar do traballo desenvolto.

### XEIRAS NATURALISTAS

Noites de identificación de avelaiñas, abertas ó público e contando con sistemas de xeración de luz baixo lonxitudes de onda controlada. Realizadas na lagoa de Antela e Gándaras de Budiño, a primeira en colaboración coa Sección de Antela e a segunda coa vogalía de Gándaras da delegación de Pontevedra, así como no Courel.

### DIVULGACIÓN

Editáronse novas fichas divulgativas, relativa á familia Nymphalidae, que completa esta familia de lepidópteros.

Atendéronse diversas consultas (7) sobre identificación de artrópodos e coñecemento dos mesmos.

Publicación na revista de Agaexar Asociación Galega de Empresas de Xardinería dunha entrevista sobre a situación e futuro da Vespa velutina (<https://editor.editafacil.es/visor/index.aspx?p=6F062C1D&tp=964#page/37>).

Publicación na revista BRAÑA a recompilación de citas de *Vanessa virginiensis* en Galicia durante 2017 e 2018, co título "Presencia en Galicia de *Vanessa virginiensis* (Drury, 1773) en 2016-2017"

### INVESTIGACIÓN

Continuouse e rematouse a parte de campo sobre a fauna lepidoterolóxica do Parque Natural de Enciña da Lastra en Ourense, encaminado a coñecer os lepidópteros diurnos presentes e a súa distribución no parque.

### OUTROS

Na liña de manter as autorizacións legais preceptivas, elaboráronse e presentáronse os informes de capturas de insectos de 2017 e solicitáronse os permisos para 2018, que foron obtidos.

Actualización do protocolo de traballo do proxecto ESENGA, preparación dun libro en soporte informático excel para a recollida estandarizada de datos baixo os criterios do GBif e Corine, así como elaboración dunha presentación explicativa do uso do libro en excel.

## SECCIÓN HERPETOLOXÍA

Enviáronse, aos colaboradores que así o solicitaron, os permisos para a captura e posterior de anfibios e réptiles, que tramitou a SGHN ante a Dirección Xeral de Conservación da Natureza no mes de decembro de 2016.

Segundo o convenio asinado entre ambas entidades para o intercambio de datos, enviáronse os datos á Asociación Herpetológica Española (AHE).

Os días 1 de abril e 17 de xuño de 2018 realizáronse as dúas prospeccións do Programa de Seguimento de los Anfibios y Reptiles de España (SARE) no que colabora a SGHN coa AHE dende o ano 2009.

O día 5 de maio de 2018 deuse unha charla en Allariz sobre os anfibios e réptiles de Galicia, a solicitude da Asociación Santa Mariña de Aguas Santas.

Durante todo o ano realizáronse diversas saídas por toda Galicia cara a obtención de datos para o Atlas de Anfibios e Réptiles de Galicia, especialmente centradas nas cuadrículas peor prospectadas nos anteriores anos e tamén nalgunhas especies de distribución máis restrinxida.

### Atlas dos anfibios e réptiles de Galicia

	Anfibios	Réptiles	Totais
Datos ano 2018	625	480	1.105
Datos acumulados 2005/2018	13.330	8.546	21.876

Nº total de colaboradores: 422

## SECCIÓN ORNITOLOXÍA

### ORGANIZACIÓN DOS CENSOS DE AVES ACUÁTICAS E MARIÑAS INVERNANTES

Coordinación e organización dos Censos de aves acuáticas e mariñas invernantes, en colaboración con totalas delegacións.

Publicación deste censos na revista Braña

Difusión dos censos en xornais e na TVG

Programación dunha xornada de pre-censo para a Delegación de Pontevedra, o día 29/12/2018, co obxectivo de formar e entrenar aos censadores deste delegación

### DIVULGACIÓN

Actividades de divulgación e información a socios e público en xeral a través de Correo electrónico [ornitologia@sghn](mailto:ornitologia@sghn).

Participación nas redes sociais da SGHN

### FORMACIÓN E INFORMACIÓN

Participación e asesoramento na presentación de documentos e denuncias por feitos, proxectos ou normativas que afecten á conservación das especies de aves en Galicia

## MUSEO DE HISTORIA NATURAL

### Informe de Situación

O MHN-Ferrol abordou o ano 2018 nunha liña enfocada en dúas prioridades, asentar a súa presenza entre o público e avanzar na resolución da súa xestión e financiamento.

As vistas e actividades do museo seguiron a liña ascendente dos últimos anos, superando as 8.000 visitas, cunha distribución estacional bastante repartida no ano, onde o peso das visitas escolares é substituído polas visitas dun turismo procedente de toda a península.

Durante 2018 realizáronse dúas entrevistas co concelleiro de Turismo e Tenente de Alcalde e concellería de Medio Ambiente. Xestionouse tamén a posta en marcha do ascensor, que está aprobada e a falta de contratación.

Na parte da financiación, coa aprobación por primeira vez en tres anos dos orzamentos municipais, conseguiuase consolidar a partida de 7.500€ adicional aos 25.000€ do convenio. Para dar liquidez ás necesidades de gasto decidiuse a contratación dunha póliza de crédito con Abanca. Un factor de complicación para o ano 2019 é a suba do Salario Mínimo Interprofesional, que supón que a suma dos custos laborais e gastos mínimos ordinarios superen ao ingresado polo convenio. Ante esta situación realizáranse xestións coa Deputación da Coruña.

### XESTIÓN DO MUSEO

- 2 reunións co tenente de alcaldía Suso Basterrechea sobre a posible modificación do convenio concello-Museo de Historia Natural e sondaxe de colaboración Turismo-Museo.
- Visita do Concelleiro de Medio Ambiente ao MHN. Temas tratados, pintura aula Manolo de Vite, posta en marcha do ascensor, revisión do convenio.
- Conversa coa Xerente da Empresa Municipal de Turismo sobre a adhesión ao programa de calidade turística Sitect calidadendestino.es.
- Recollida da directora do Museo Massó da entrega dun arpón de canón do Azor prestado.
- Visita ao MHN e conversacións sobre a futura inclusión do mesmo na rede de museos da Xunta de Galicia e entrevista con José Antonio Marcote sobre a posible integración do museo na rede REMA, Rede de Museos do Mar.
- Conferencias, charlas e outras actividades
- Compromiso Galicia . Presentación do MHN.
- Curso debuxo SGHN Calros Rodríguez Silvar.
- Organización das Meninas, petición dunha proxección de cine no Salón de Actos de Eduardo G. Alix..
- Presentación Guía de Moluscos mariños de Galicia e charla sobre a Vespa Velutina "Ese hospede que ninguén convidou: *Vespa Velutina* Curiosidades e outras cousas das que falar".
- Instalación de iluminación led en vitrinas, empresa Quinfer, instalación Vitrina de Quenllas y colocación stores

### VISITAS MONOGRÁFICAS

- Visita ao museo Ribeirán Proxectos Naturais.
- Celebración do DÍA DOS MUSEOS. Visitas guiadas programadas
- Concellaría de Benestar Social de Ferrol. Actividade.
- Visita guiada por Xan Rodríguez Silvar a un grupo de escultores e pintores.

### VISITAS GUIADAS

- O Museo de Historia Natural ofreceu na Semana Santa un programa de visitas guiadas en horario de mañá e tarde. Ademais as instalacións estiveron abertas para visitas libres. Total de visitas guiadas Semana Santa 135 persoas
- Visitas guiadas no mes de Agosto do 21 de Agosto ao 31 de Agosto en horario de mañá ás 10:30 e as 12:00. Ademais as instalacións estiveron abertas para visitas libres. Asistiron 184 persoas ás visitas guiadas nos últimos vinte días de agosto.

### EXPOSICIÓNS

- Reunión de preparación de Pablo Torrella na Graña con Julio Parapar sobre a exposición de fotos de Poliquetos.
- Astrofotografía en Ferrolterra. Exposición fotográfica.
- Ven o grupo de música "Feed the Pet" a tocar no museo

### FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

- Reunión do Delegado coa Escola de Turismo e comezo de prácticas da alumna da Escola de Turismo UDC
- Gravación dun curto do produtor audiovisual Xende López para a Concellería de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller do Concello de Ferrol.
- 3 Reunións do delegado coa Titora de Prácticas de Turismo do Colexio London Institute sinatura do convenio de prácticas de Alumnos con Recepción alumnado (3) de prácticas do ciclo de Turismo do London Institute
- 9 Doazóns
- Recollida dun modelo de orca e outro de tartaruga de coiro polo departamento de modelado da Pablo Picasso da Coruña, para o seu remate e cesión ao museo.
- O Delegado acude a Santiago ao Curso dos Museos de Galicia.
- Entrevista do delegado co investigador José Antonio Cortés Vázquez sobre un proxecto financiado por la Fundación Biodiversidad sobre adaptación ao cambio climático e entidades de custodia do territorio do ZEC Betanzos-Mandeo que se está desenvolvendo dende a Universidade da Coruña.